


## CARA DE ANXO



**Tít. orixinal:** *Angel face*

**Ano:** 1953

**Duración:** 91 min.

**País:** EE.UU.

**Director:** Otto Preminger

**Guión:** Frank Nugent, Oscar Millard

**Música:** Dimitri Tiomkin

**Fotografía:** Harry Stradling

**Reparto:** Robert Mitchum, Jean Simmons, Mona Freeman, Herbert Marshall, Leon Ames, Barbara O'Neil

**Productora:** RKO

**Xénero:** intriga

**Non recomendada para menores de 18 anos**

**Sinopse:** Frank Jessup é un enfermeiro de urxencias que acude a unha mansión para atender á señora Tremayne que, segundo parece, tentou suicidarse. Sen embargo, pronto sospeita que en realidade alguén tentou asasinala. Ademais, Frank coñece á súa fillastra Diane, unha muller delicada e sensual, ante a que cae rendido inmediatamente. Trátase este dun título clave na historia do cine negro.

**Angel face**, tomado de plus.es



Frank Jessup é un enfermeiro e conductor de ambulancias de urxencias. Un día debe acudir á mansión dos Tremayne. A segunda señora Tremayne, Catherine, estivo a punto de morrer por inhalacións de gas. Parece unha tentativa de suicidio, pero Catherine asegura que alguén tentou matala. Frank coñece tamén á fillastra desta muller, Diane, que exerce tal atracción sobre el que, esa mesma noite, rompe a súa cita coa súa noiva Mary Wilton. Días despois Diane consegue que Frank acepte traballar como chofer para ela a cambio de prestarlle o coche para unha carreira. A partir de entón comezan a saír xuntos. Frank solicita a Catherine cartos para montar un taller. Ela dallo, pero Diane reacciona

violentamente contra a súa madrasta e Frank descubre o moito que a odia. Diane confésallo indicando que a culpa é de dominar ó seu pai Charles, un escritor que, dende que se casou con ela, deixou de escribir. Frank atopa morbosa toda esta relación e apártase dela. Ofendida, Diane manipula o automóbil para provocar un accidente. Frank e Diane son encarcerados como sospeitosos e descóbrense as súas relacións íntimas. Os avogados aconsellan que se casen para que a súa relación anterior non pese sobre a opinión dos xulgados. Ó non poder presentar probas acusatorias, Frank e Diane son exculpados do crime. Frank decide marcharse e Diane, obsesionada co recordo do seu pai, tenta confesalo todo, pero os seus avogados impídenllo. Entón ela seduce de novo a Frank para que non a abandone, pero ó irse xuntos, o automóbil sofre un accidente.

Unha excelente revisión do mito da muller fatal, unha das grandes obras mestras do director Otto Preminger que bascula entre outras dous grandes obras súas, a fascinación de "Laura" e o fatalismo de "Retorno ó pasado". Neste caso, o feitizo que exerce unha aparente inocente muller que arrastra á perdición a cantos se atreven a amala, reborda os límites do relato policial para inscribirse plenamente dentro dos límites da traxedia. Xunto coas outras dúas películas citadas conforma unha triloxía sobre o drama negro de Preminger, apoiado neste caso polas maxistras interpretacións de Robert Mitchum, coa súa aínda recente obra mestra "A noite do cazador", e de Jean Sommons, cunha personaxe que rivaliza en perversidade co de Jane Creer en "Retorno ó pasado".